


**O TIL NO
AQUIS
CELENIS**



Que é o TIL ?

Proposta de
innovación
educativa, seguindo
as indicacións do
Consello de Europa

MARCO COMÚN EUROPEO DE
REFERENCIA PARA AS LINGUAS

Plurilingüismo nun contexto pluricultural


Importancia da motivación

As linguas interactúan

LOMCE

Que é o TIL?


Baséase nun
enfoque
globalizador



Que é o TIL ?

Parte de que a lingua é
o elemento que
permite construír o
pensamento

Competencia Lingüística: habilidade para empregar a lingua



Que é o TIL ?

Busca a motivación
para acadar unha
aprendizaxe
significativa



O obxectivo: as linguas como instrumento de comunicación

Nas materias de lingua

Traballar os contidos especificamente gramaticais

Planificar as composicións do alumnado de acordo coas características dos xéneros textuais máis característicos de cada materia.

Ensinar a formular excepcións, inclusións, causas, consecuencias...

Nas demais materias

Adquirir terminoloxía específica

Ensinar a comprender os textos propios de cada materia de acordo co vocabulario e o tipo textual.

Practicar a tipoloxía textual específica e incidir nas súas características.

Practicar as normas e as formas de respecto nos discursos
Ensinar a planificar o que se quere dicir
Acostumar a reformular as ideas con expresións e vocabulario propio
Corrixir incorreccións
Orientar para lograr exposicións claras
Coidar a forma e a presentación de traballos

A teima do TIL



2008-2015

A mazá que quería ser estrela



Setembro de 2015

O camiño das mazastreias



Curso 2015-2016: Comezamos o noso itinerario TIL no PFPP



1. A necesaria motivación nas materias de lingua

LGB3.12.1.

LCLB3.5.1.

PLEB5.8

SLEB5.5



Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

LOMCE





Aquis

2. Conseguir o interesse do profesorado das outras materias

Obxectivo:



Traballar e avaliar a
competencia lingüística

Instrumento:





3. Sabermos onde estamos



P
A
S
O
S

P
A
R
A

O

T
I
L

Ensinar ciencias na clase de lingua ensinar lingua na clase de ciencias...

Unificación da metodoloxía

Currículo integrado de linguas

Unificación terminolóxica nas áreas lingüísticas

Reflexión e toma de contacto co TIL

Pasos para o TIL?

1

Deseñar un pequeno **proxecto plurilingüe**

2

Curso 2016-2017



PLC



3

Curso 2017-2018

Áreas lingüísticas

Áreas non lingüísticas

Unificación terminolóxica

Reparto de contidos nas linguas cooficiais

Reparto da ensinanza de ferramentas non especificamente lingüísticas: presentacións dixitais, tratamento de textos...

Outro(s) proxectiño(s)...

Áreas lingüísticas

Áreas non lingüísticas

Unificación metodolóxica nas áreas de linguas: traballo a partir de textos, traballo por proxectos...

Unificación das modalidades de avaliación

Incorporación de aprendizaxe en varias linguas ???? (Noguerol)

Máis proxectiños...

Unificar estratexias de corrección dos aspectos lingüísticos (coherencia, cohesión, ortografía...)

Ensinar a lingua específica de cada área

O noso proxecto: *Axudamos aos que axudan*



centros.edu.xunta.es/iesaquiscelenis/fag/index.html

Aplicaciones Particulares - Banco P... espazoAbalar: A com... Ferramentas Acer Accesorios Importado de Internet Otros marcadores

inicio inicio proxecto proxecto actividades actividades memoria memoria

Fundación Amigos de Galicia - IES Aquis Celenis

Inicio

A colaboración do IES Aquis Celenis de Caldas de Reis coa Fundación Amigos de Galicia realízase dende hai tempo a través da recollida de alimentos entre o alumnado e o persoal do centro, e ten como finalidade educar na adquisición de prácticas solidarias.

Durante o curso 2015-2016 o IES Aquis Celenis desenvolveu un proxecto de formación en TIL (Tratamento Integrado de Linguas) que incluía a realización dunha tarefa por parte do alumnado de 1º curso de ESO. Como o elemento común que se quería desenvolver era a solidariedade, pareceu apropiado contactar coa Fundación Amigos de Galicia e propoñerlle a realización dun logo e unha campaña publicitaria a nivel de centro. E así botou a andar o proxecto...

Proxecto Actividades Memoria

A nosa experiencia

Escoller un tema motivador para o alumnado que nos permitise a todo o profesorado traballar no mesmo grupo.

Convencer o alumnado de que o traballo por tarefas e realizado de xeito cooperativo é avaliable e conseguir que renunciase á avaliación dos tradicionais "exames".

Conseguir que o alumnado entendesen a interdisciplinabilidade do proxecto.

Ao alumnado cústalle moito traballar por proxectos e romper a doutrina das clases tradicionais.

A resistencia familiar a que o alumnado fose avaliado por unha nota de traballo en equipos, a que traballen sen libros de texto e a que a materia se aborde de xeito interdisciplinar.

Algúns dos equipos de traballo establecidos non acabaron de callar porque algúns integrantes estaban "etiquetados" e estigmatizados previamente.

A complexidade para incluír as reunións necesarias para a coordinación do profesorado dentro do horario de permanencia no centro.



A nosa experiencia

Aspectos positivos



O alumnado motívase cos retos (entrevista no concello, exposicións ante público...)

Compartir un obxectivo axuda ao alumnado a implicase no traballo cooperativo.

A valoración positiva que fixeron os cursos maiores (2º de bacharelato) do labor realizado polo alumnado de 1º de ESO.

Este tipo de tarefas reforzan positivamente o alumnado que habitualmente mostra máis carencias.

Deixar de asociar as cualificacións coas notas dos exames e a entender a importancia do traballo realizado na aula.

Con este xeito de traballar valórase realmente o grado de adquisición das distintas competencias do alumnado, é o ideal para prepararmos alumnado competente.

A nosa experiencia

É moi importante mellorar a comunicación coas familias.

Sería bo que se implicase sempre a titoría e que unha parte da plan de acción tutorial incluísese dinámicas de traballo cooperativo.

Para a implicación do alumnado é fundamental que o produto final transcendese a aula e tivese unha dimensión pública

Foi moi importante que o proxecto enlazase coa idea de aprendizaxe-servizo

Faise necesario difundir entre o resto do profesorado do centro o éxito do proxecto para podermos realizar, cando menos, un proxecto en cada curso en cada ano académico

É importante desligar a formación en TIL da formación no traballo por tarefas dado que é importante que se implique no proxecto tamén o profesorado que non sexa de linguas.

O camiño das mazastreias



Curso 2017-2018: Continuamos... e imos a máis...

**GRUPO TAREFAS
INTERDISCIPLINARES**



PFPP

GRUPO TIL



GRUPO TAREFAS INTERDISCIPLINARES

Participantes

Objetivo

Producto


Planificación

Realización



Curso 16-17

As conquistadoras da vida cotiá.



Axenda Escolar Curso 2017-2018

DONAS DO NOSO

Antia García (Cinthia e Iria)	Antia García (Elvira e Andrea)	Baia Fdez de la Torre (Maria)	Conquistadoras da vida cotiá (Matriarcas)	Conquistadoras da vida cotiá
Cristina Pato (Ánxela)	Cristina Pato (Uxia)	Emilia Pardo Bazán (Valentina)	Emilia Pardo Bazán (Valentina)	Rosalía de Castro (Amanda e Manuel)
Rosalía de Castro (Enara e Andrés)	Rosalía de Castro (Gustavo e Tamara)	Exeria (Laura e Paula)	Fina Casalderey e Rosalía de Castro (Ana e Mariña)	Fina Casalderey e Rosalía de Castro (Iria e Ainoa)
Fina Casalderey e Rosalía de Castro (Isabel e Leticia)	Lúa Piñeiro (Manuel e Lucía)	Lúa Piñeiro (Raúl e Katia)	Luz Casal (Elly e Carla)	Luz Casal (Néstor e Raquel)
	Maruxa e Coralia (Thais, Jose e Zaira)	Maruxa e Coralia (Varela, Nerea e Blanca)	Tamara Andrés (Marta)	

Presentación

Isto que tes nas túas mans non é só unha axenda...

... é a historia da nosa terra a través das súas mulleres. Algunhas destas mulleres foron ou son as autoras de feitos de gran importancia histórica pero poucas delas tiveron e teñen o recoñecemento que merecen, por iso o alumnado de 1º e 2º da ESO do Aquil Celenis e os seus profesores e profesoras quixemos renderlles a nosa particular homenaxe. Algunhas son recoñecidas, outras foron silenciadas ou voluntariamente ignoradas e outras son as mulleres que, coma túa avoa ou túa nai, se encargan no día a día de quitar adiante as súas familias, que non é pouco mérito...

Todas elas, mulleres galegas, mulleres do Umia, mulleres de Caldas, son CONQUISTADORAS DA VIDA COTIÁ.



Novembro 2017

9

Xoves

En 1973 nace a escritora Alejandra Turi.

10

Venres

En 2018 Ena Pardo, doutora en microbioloxía médica, recibe o premio internacional L'Oréal-UNESCO polo seu traballo.

11

Sábado

En 1987 nace na Coruña a escritora Ena Pardo.

12

Domingo

En 2016, a estatística María José Alonso promoveu o seu doutoramento na Real Academia Galega das Ciencias.

Novembro 2017

L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

45

Abril



María Santos naceu en Caldas de Reis en 1990, onde viviu ata comezar os seus estudos universitarios. Dende 2014 vive en Atlanta, onde realiza o seu doutoramento en robótica multiagente no Georgia Institute of Technology.

En 2008 comeza os seus estudos de Enxeñaría Industrial na Universidade de Vigo, que compaxina cos últimos anos do Grao Profesional de Música en violín no Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra. En 2013 recibe o título de Enxeñeira Industrial coas máximas cualificacións da súa promoción, obtendo o Premio Fin de Carreira da Xunta de Galicia.

No último ano de carreira comeza a traballar como bolsista de colaboración no Departamento de Enxeñaría de Sistemas e Automática da Universidade de Vigo baixo a tutela do Doutor Joaquín López Fernández. En 2013 recibe unha bolsa Fulbright-Iberdrola de ampliación de estudos que lle permite viaxar en 2014 a Estados Unidos para realizar un Mestrado en Enxeñaría Eléctrica en Georgia Tech, onde se especializa no campo da enxeñaría de control e se gradúa en 2016.

Na actualidade María é estudante de doutoramento en enxeñaría eléctrica en Georgia Tech, onde traballa como asistente de investigación no Georgia Robotics and Intelligent Systems Laboratory (GRITS Lab) baixo a supervisión do Doutor Magnus Egerstedt. Investiga no campo da robótica de enxames, na que un elevado número de robots moi simples han de coordinarse para que emerxa un comportamento colectivo complexo como o das formigas ou as abellas.

100



GRUPO TAREFAS INTERDISCIPLINARES

Participantes

Objetivo

Producto

Planificación

Realización



+ Colaboración
noutras actividades

GRUPO TIL

Participantes

Obxectivos:

Unificación terminolóxica



Reparto de contidos nas linguas cooficiais



Reparto da ensinanza de ferramentas non especificamente lingüísticas



Rúbrica para a avaliación de aspectos lingüísticos en materias non lingüísticas

Unificación de criterios para presentación de traballos e presentacións dixitais



CRITERIOS PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS ESCRITOS: ESTRUCTURA

1. PORTADA

TÍTULO

PROFESOR/A

MATERIA, NIVEL EDUCATIVO

ANO ACADÉMICO

NOME DO AUTOR/A (ES/AS)

2. [DEDICATORIA] OPCIONAL

3. **ÍNDICE:** número de páxina na que está cada parte

4. **PRESENTACIÓN:** en que consiste o traballo, para que se fai..

5. **CORPO:** Apartados e subapartados

6. CONCLUSIÓN

7. [AGRADECEMENTOS] OPCIONAL

8. **ANEXOS DOCUMENTAIS:** fotos, gráficos, etc.

9. **BIBLIOGRAFÍA:** libro, artigo, páxina web, outras fontes (apuntamentos de clase...)

OBSERVACIÓNS:

Folío branco

A dúas caras

Marxes: os preestablecidos no ordenador

Non sangrías, pero si separación entre parágrafos

Usar o corrector ortográfico

Tamaño de letra uniforme (arial, calibri, times new roman// 12)

Espaciado entre liñas: 1.5

CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DE PRESENTACIÓNS DIXITAIS

A presentación dixital SÓ é un apoio para facer unha boa exposición oral (**as mensaxes deben ser simples e concretas**). A súa función é presentar a información de forma gráfica e estruturada que complemente a exposición oral.

PASOS:

PREPARACIÓN: cantos apartados vai ter, que se vai pór en cada un, que imaxes se necesitan; documentarse, decidir como vai ser (informal, participativa, etc.), facer o esquema da distribución dos contidos, redactar o texto para a exposición oral.

ESQUEMA:

INICIO: Presentación, contacto co público, preséntase o guión.

CORPO: Apartado 1, Apartado 2...

FINAL: Conclusión, agradecementos, preguntas.

DESEÑO:

Non confundir "deseñar" con "adornar"

En cada diapositiva débese ofrecer a información relevante e ir engadindo a información segundo se vai explicando (**importancia das animacións**)

Cada diapositiva debe ter: **TÍTULO** (máximo cinco palabras)+**TEXTO** (non máis de seis liñas de seis palabras)+**IMAXE** (debe axudar a explicar).

FONDO: para escollelo débese ter en conta o tipo de presentación, de todos os xeitos, se se escollen cores escuras, débese escribir o texto con cores claras e viceversa. Para combinar cores, mellor usar as das mesmas tonalidades.

LETRA

Ten que estar nun tamaño que se poida ver dende o fondo da aula.

Usar unha tipografía estándar (verdana, calibri, arial, century gothic).

Non usar máis de dous tipos de fontes.

Pódense utilizar maiúsculas para destacar.

IMAXES

Deben ter o tamaño e a resolución adecuados, con forza expresiva, usar metáforas visuais, imaxes libres de dereitos e procurar que non sexan animadas, pois despistan.

DÉBESE TER EN CONTA:

Todo isto é independente da ferramenta que se use para elaborar a presentación (Power Point, Impress, etc.).

Antes de facer a presentación comprobar a compatibilidade do ordenador co programa que se vai empregar (ter un plan B: por exemplo, tela gardada tamén en pdf).

A presentación só é unha parte do traballo, non o obxectivo.

GRUPO TIL

Participantes

Obxectivos:

Unificación terminolóxica

Reparto de contidos nas linguas cooficiais

Reparto da ensinanza de ferramentas non especificamente lingüísticas

Resultados?

+

Unificación de criterios para presentación de traballos e presentación

Rúbrica para a avaliación de aspectos lingüísticos en materias non lingüísticas



**GRUPO TAREFAS
INTERDISCIPLINARES**



PFPP

GRUPO TIL



E a continuar o camiño...



Grazas pola atención